

DETERMINACIÓNS COMÚNS A TODAS AS ORDENANZAS DE SOLO DE NÚCLEO RURAL

A Disposición Transitoria Primeira da nova Lei 9/02 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece o réxime do solo nos concellos con plans non adaptados e concretamente, no seu Apartado e) dispón:

“Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais delimitados ao abeiro da Lei 11/85 de Adaptación do Solo a Galicia ou da Lei 1/97 do Solo de Galicia, aplicaráselle integramente o disposto nesta Lei para o solo de núcleo rural.”

Esta determinación supón que todas aqueles solos clasificados polo Plan Xeral vixente ao abeiro da Lei 11/85 se lles aplicará o réxime do solo de núcleo rural da nova Lei o que conleva necesariamente a súa adaptación ás prescricións desta. Por elo, proponse, neste informe as modificacións que se estiman necesarias nas Ordenanzas 11, 12, 13 e 13 A para cumprir as disposicións contidas no Capítulo III, Sección 3ª deste novo texto legal no que se contén o réxime do solo de núcleo rural e a adaptación ás modificacións contidas na Lei 15/04 de 31 de decembro de modificación da Lei 9/02 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.